



## Concello de Vigo

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **19 de setembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

**2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN: EXPEDIENTE “ADQUISICIÓN DE 1.600 ENTRADAS PARA OS PARTIDOS DO RC CELTA DE VIGO. TEMPORADA DEPORTIVA 2014-2015”. EXPTE. 13337/333.**

Examinadas ad actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 18/09/14, dáse conta do informe-proposta do 19/09/14, da xefa do servizo de Contratación, asinado polo xefe do servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

*Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*

*Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*

*Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real*

*Decreto Lexislativo 3/2011.*

*Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015 (PCAP).*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do día 17 de setembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar na tempada deportiva 2014-2015, no seguinte orde decrecente:*

**1.REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD**

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares para acreditar a personalidade xurídica, a representación, a solvencia económica e técnica”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de setembro de 2014, e presenta a documentación requirida na mesma data, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato ó mesmo.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle o xefe do servizo xestor ou o responsable do contrato xunto co secretario/a da mesa de Contratación do Concello (cláusula 10 do PCAP). A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Á vista das actuacións que constan no expediente, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada polo REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, a sazón único licitador neste procedemento por ser o único capaz de ofertar as entradas obxecto do mesmo.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar ó REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015 por un prezo total de 169.400 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ó IVE de 29.400 euros, pola compra de 1.600 entradas por partido para un mínimo de 20 partidos, o que fai un total de 32.000 entradas.*



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezanove de setembro do ano dous mil catorce.

RS

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.

